



AÍNDA UNHA POESÍA MÁIS SOBRE O CASTRO DE VILADONGA

Felipe Arias Vilas

O meu vello (ou mellor, antigo) compañeiro de bacharelato e bo amigo desde entón pese á distancia polo seu “transplante” a terras catalás, o castroverdes Enri- que González Muñoz, fíxome chegar a información de que Xesús Trashorras Nogueira (ou Trasorras, apelido frecuente en terras de *Castroverde* que usa estas dúas grafías propostas polo chorado filólogo Nicandro Ares), un veciño e amigo seu, un mestre que pasou un tempo por Asturias e agora xa recentemente xubilado, tamén é poeta e dedicoulle unha das súas composicións ao castro de Viladonga.

Trashorras é un dos impulsores e compoñentes dun grupo (segundo o meu amigo Enrique, “conmovedor”) denominado **Os Nabos de Gracián**, con lugar na parroquia castroverdesa de San Paio de Arcos que moitos coñecemos por mor do traballo literario da filóloga e escritora Ánxela Gracián, por citala polo seu nome literario, que ademais tamén é impulsora deste bo feixe de poetas de Castroverde.

Este grupo editou en 2024 unha primeira antoloxía, prologada pola citada escritora de Gracián, con obras de Xesús Bermúdez Tellado, Edu Carreira, Eduardo Carreira, ConeJuan Morado, Xesús Trashorras Nogueira e Manuel Vázquez, e entre elas precisamente a que citamos de Trashorras co tema do castro de Viladonga.

A poesía, datada en 2017, recorda, polo seu estro e polo seu sentimento na descrición deste sitio patrimonial, outra que fixera Manuel María dedicada ao propio castro na súa obra *Versos do lume e o vagalume* publicada en 1982, nun momento en que o xacemento estaba nun preocupante *impasse*, despois das escavacións dirixidas por M. Chamoso Lamas e xusto antes do inicio dos nosos traballos arqueolóxicos e museísticos neste castro. É unha poesía do autor chairego que tamén recollemos nun artigo anterior sobre os textos de creación literaria relacionados con Viladonga (Arias e Cuba, 2017, pp. 70-79, Arias e Cuba, 2021, pp. 128-129), que xa conforman un *corpus* relativamente numeroso.

Esta é a poesía de Xesús Trahorras, asinada "X.T.N".
con data do 26 de xuño de 2017:

CASTRO DE VILADONGA

*Altivo, érgueste na infinda planicie,
outeiro de secular silencio,
onde a Terra Chá ten o principio.
Enramado circular, murallas que abrazan o tempo,
inmemoriais pedras, lar e refuxio de castrexas tribos,
hoxe, silentes ruínas, fogar de liscanzos e serpes
Só o chirlo das mouras cochosas na súa eterna busca
rompe a mudez gardada por séculos de renuncia.
Castro de Viladonga, berce da nosa patria,
oufano e solitario te alzas, aquí, na chaira sen fin,
onde a historia fala por nós.*

Bibliografía

Arias Vilas F. e Cuba Rodríguez, M., (2017): Textos de creación literaria sobre o castro de Viladonga, *Croa*, nº27, pp. 70-79.

Arias Vilas F. e Cuba Rodríguez, M., (2021): Reparando un esquecemento: un poema máis sobre o Castro de Viladonga, *Croa*, nº 31, pp. 128-129.



Fig. 1. O castro de Viladonga. Imaxe: Esteban Tojo (2022). Arquivo documental do Museo do Castro de Viladonga.